



## Guía Docente

| Datos Identificativos |   |                    |                    |          |
|-----------------------|---|--------------------|--------------------|----------|
|                       |   |                    | 2024/25            |          |
| Asignatura (*)        | Navegación Avanzada                       | Código             | 631510203          |          |
| Titulación            |   |                    |                    |          |
| Descritores           |   |                    |                    |          |
| Ciclo                 | Período                                   | Curso              | Tipo               | Créditos |
| Mestrado Oficial      | 1º cuatrimestre                           | Primeiro           | Obrigatoria        | 6        |
| Idioma                | CastelánGalego                            |                    |                    |          |
| Modalidade docente    | Presencial                                |                    |                    |          |
| Prerrequisitos        |   |                    |                    |          |
| Departamento          | Ciencias da Navegación e Enxeñaría Mariña |                    |                    |          |
| Coordinación          | Lopez Varela, Pablo                       | Correo electrónico | pablo.lopez@udc.es |          |
| Profesorado           | Lama Carballo, Francisco Javier           | Correo electrónico | javier.lama@udc.es |          |
|                       | Lopez Varela, Pablo                       |                    | pablo.lopez@udc.es |          |
| Web                   |   |                    |                    |          |
| Descrición xeral      |   |                    |                    |          |

## Competencias / Resultados do título

| Código | Competencias / Resultados do título |
|--------|-------------------------------------|
|--------|-------------------------------------|

## Resultados da aprendizaxe

| Resultados de aprendizaxe   | Competencias / Resultados do título |      |      |
|---|-------------------------------------|------|------|
| Coñecemento e manexo avanzado de sistemas e equipos de navegación. Utilización da información obtida destes para a planificación e execución da navegación. Capacidade para planificar a viaxe e dirixir a navegación con seguridade. Capacidade para determinar e compensar os desvíos da agulla. Capacidade para establecer os sistemas e procedementos do servizo de garda. Adquiríndose as competencias, coñecementos e actitudes establecidos no cadro A-II/2 do Convenio STCW 2010. | AP1                                 | BM4  | CM2  |
|   | AP2                                 | BM9  | CM6  |
|   | AP3                                 | BM12 | CM10 |
|   | AP5                                 | BM13 | CM11 |
|   | AP6                                 | BM14 |      |
|   | AP7                                 | BM15 |      |
|   | AP19                                | BM16 |      |
| Coñecemento e emprego de metodoloxías particulares e de liñas de posición de orixe astronómica e/ou terrestre para determinar a posición. Adquiríndose as competencias, coñecementos e actitudes establecidos no cadro A-II/2 do Convenio STCW 2010.  | AP2                                 | BM9  | CM6  |
|   | AP6                                 | BM12 | CM10 |
|   |                                     | BM13 | CM11 |
|   |                                     | BM14 |      |
| Coñecemento e emprego de metodoloxías avanzadas de cinemática naval e a súa aplicación na toma de decisións. Adquiríndose as competencias, coñecementos e actitudes establecidos no cadro A-II/2 do Convenio STCW 2010.   | AP1                                 | BM4  | CM6  |
|   | AP5                                 | BM9  | CM10 |
|   | AP6                                 | BM13 | CM11 |
|   | AP7                                 | BM14 |      |
|   | AP19                                | BM15 |      |

## Contidos

| Temas | Subtemas |
|-------|----------|
|-------|----------|



|   |   |
|---|---|
| <p>1- "Voyage planning"; avanzado.</p>  | <p>Planificación da viaxe e navegación, dadas tódalas condicións, seguindo métodos xeralmente aceptados de trazado de derrotas en alta mar que teñan en conta, por exemplo:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>.1 as augas restrinxidas</li><li>.2 as condicións meteorolóxicas</li><li>.3 os xeos</li><li>.4 a visibilidade reducida</li><li>.5 os dispositivos de separación do tráfico</li><li>.6 as zonas dos servizos de tráfico marítimo (STM); e</li><li>.7 as zonas con efectos acusados de mareas</li></ul> <p>Derrotas acordes cas disposicións xerais sobre organización do tráfico marítimo</p> <p>Notificacións acordes cos Principios xerais a que deben axustarse os sistemas de notificación para buques e os procedementos do STM</p> <p>O desenrolo deste tema cumpre ca columna 2, Coñecementos, Comprensión e Suficiencia, do Convenio STCW, modificado por Manila 2010, do cadro AII/2.</p>   |
| <p>2- Utilización do equipo e sistemas de navegación, incluíndo o SIVCE e os seus sistemas conexos, para facilitar a toma de decisións e manter a seguridade da navegación.</p> | <p>Cinemática naval avanzada</p> <p>Valoración dos erros do sistema e profunda comprensión dos aspectos operacionais dos sistemas de navegación</p> <p>Planificación do practicaxe sen visibilidade</p> <p>Avaliación dos datos náuticos obtidos de outras fontes, incluídos o radar e a APRA, a fin de adoptar e aplicar decisións que permitan evitar o abordaxe e dirixir a navegación segura do buque</p> <p>A interrelación e o uso óptimo de tódolos datos náuticos dispoñibles para dirixir a navegación</p> <p>SIVCE e sistemas de navegación conexos: Xestión dos procedementos operacionais, arquivos de sistema e datos, incluídos os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>.1 xestionar a adquisición, a concesión de licencias e a actualización dos datos cartográficos e do soporte lóxico do sistema para axustalos ós procedementos establecidos</li><li>.2 actualizar o sistema e a información, incluída a capacidade para actualizar a versión do sistema do SIVCE de conformidade ca elaboración do produto do vendedor</li><li>.3 crear e manter a configuración do sistema e dos arquivos auxiliares</li><li>.4 crear e manter os arquivos do diario de navegación de conformidade cos procedementos establecidos</li><li>.5 crear e manter os arquivos do plan de derrota de conformidade cos procedementos establecidos</li><li>.6 utilizar o diario de navegación do SIVCE e as funcións sobre o historial do seguimento para a inspección das funcións do sistema, axustes das alarmas e respostas do usuario</li></ul> <p>O desenrolo deste tema cumpre ca columna 2, Coñecementos, Comprensión e Suficiencia, do Convenio STCW, modificado por Manila 2010, do cadro AII/2.</p> |



|   |  |
|---|--|
| <p>3- Metodoloxía avanzada para a determinación da posición e execución da navegación mediante observacións celestes, terrestres e o uso de axudas electrónicas á navegación.</p> | <p>Determinación da situación, en calquera circunstancia:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>.1 mediante observacións astronómicas</li> <li>.2 mediante observacións terrestres, acompañadas da capacidade para facer uso das cartas apropiadas, os avisos ós navegantes e outras publicacións que permitan comprobar a exactitude da situación obtida</li> <li>.3 utilizando modernas axudas electrónicas á navegación, con coñecemento específico dos seus principios de funcionamento, limitacións, fontes de erros e detección de deficiencias na presentación de información, e métodos de corrección para determinar con exactitude a situación</li> </ul> <p>O desenrolo deste tema cumpre ca columna 2, Coñecementos, Comprensión e Suficiencia, do Convenio STCW, modificado por Manila 2010, do cadro AII/2.</p>   |
| <p>4- Compensación.</p>   | <p>Capacidade para ter en conta os erros dos compases magnéticos e xiroscopios</p> <p>Coñecemento dos principios dos compases magnéticos e xiroscopios</p> <p>Comprensión dos sistemas comprobados polo xiroscopio principal, e coñecemento do funcionamento dos principais tipos de compases xiroscopios e precaucións que hai que tomar</p> <p>O desenrolo deste tema cumpre ca columna 2, Coñecementos, Comprensión e Suficiencia, do Convenio STCW, modificado por Manila 2010, do cadro AII/2.</p>  |
| <p>5- Sistemas e procedementos do servizo de garda. Cualidades de liderazgo e xestión</p>   | <p>Coñecemento cabal do contido, aplicación e finalidade dos principios fundamentais que procede observar na realización das gardas de navegación</p> <p>Capacidade para aplicar a xestión das tarefas e da carga de traballo, incluídos os aspectos seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>.1 a planificación e coordinación</li> <li>.2 a asignación de persoal</li> <li>.3 as limitacións de tempo e recursos</li> <li>.4 a asignación de prioridades</li> </ul> <p>Coñecemento e capacidade para aplicar a xestión eficaz dos recursos</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>.1 a distribución, asignación e clasificación prioritaria dos recursos</li> <li>.2 a comunicación eficaz a bordo e en terra</li> <li>.3 as decisións adoptadas reflexan o resultado do exame das experiencias no equipo</li> <li>.4 a determinación e o liderazgo, incluída a motivación</li> <li>.5 a consecución e o mantemento da conciencia da situación</li> </ul> <p>O desenrolo deste tema cumpre ca columna 2, Coñecementos, Comprensión e Suficiencia, do Convenio STCW, modificado por Manila 2010, do cadro AII/2.</p> |

| Planificación         |  |   |                         |              |
|-----------------------|--|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados                      | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral      | A1 A2 A3 A5 A6 A7<br>B13 B14 B16 C6 C10<br>C11 | 20                                      | 25                      | 45           |
| Lecturas              | A1 A2 A3 A5 A6 A7<br>B9 C2                     | 0                                       | 7                       | 7            |



|                          |  |    |    |    |
|--------------------------|--|----|----|----|
| Simulación               | A1 A2 A5 A6 A7 A19<br>B4 B9 B13 B14 B15<br>C2 C6 C10 C11 | 4  | 4  | 8  |
| Prácticas de laboratorio | A1 A2 A3 B12 B13<br>B14 C10                              | 36 | 36 | 72 |
| Proba obxectiva          | A1 A2 A3 A5 A6 A7<br>B13 B9 C6                           | 4  | 10 | 14 |
| Atención personalizada   |  | 4  | 0  | 4  |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías             |   |
|--------------------------|---|
| Metodoloxías             | Descrición  |
| Sesión maxistral         | Exposición oral da materia complementada co uso de presentacións audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.<br>Dentro desta dinámica a intervención dos alumnos estará aberta para a realización de preguntas ou comentarios, que poderían dar lugar a debates abertos.<br>Os textos e/ou presentacións audiovisuais empregados poranse a disposición do alumnado coa antelación suficiente como para que poidan lela de forma previa. |
| Lecturas                 | Documentación facilitada aos alumnos onde se profunde sobre os contidos a desenvolver na materia.   |
| Simulación               | Exercicios realizados no simulador de manobra e navegación nos cales se colocará ao alumnado ante condicións hipotéticas que simularán situacións que se poderían producir nun contexto real, coa finalidade de utilizalos como experiencias de aprendizaxe e procedemento de avaliación. Nestas simulacións o alumnado demostrará a súa destreza ante situacións concretas, os seus coñecementos, a súa capacidade para a toma de decisións.   |
| Prácticas de laboratorio | Realización de exercicios de carácter práctico relacionados cos conceptos teóricos explicados nas sesións maxistrais.   |
| Proba obxectiva          | Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, etc.<br>A proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de resposta breve, e/ou de desenvolvemento. Tamén se pode construír cun só tipo dalgunha destas preguntas.                              |

| Atención personalizada                                     |  |
|--|--|
| Metodoloxías   | Descrición   |
| Sesión maxistral<br>Simulación<br>Prácticas de laboratorio | O seguimento do traballo realizado polos alumnos, tanto nas clases teóricas como prácticas, realizarase de forma continua na aula e, no caso de que se detecten necesidades específicas, estableceranse titorías adicionais de carácter individual ou en grupo moi reducido de apoio e para resolución de dúbidas.<br><br>No caso do alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, deberán acordarse co docente unha serie de titorías obrigatorias (polo menos unha por cada tema), presenciais ou non presenciais, o longo do curso para acreditar o seguimento da materia. |

| Avaliación   |                           |            |               |
|--------------|---------------------------|------------|---------------|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|              |                           |            |               |



|                          |  |   |    |
|--------------------------|--|---|----|
| Proba obxectiva          | A1 A2 A3 A5 A6 A7<br>B13 B9 C6                           | <p>Para os alumnos cunha asistencia regular a clase (polo menos o 80%) realizaranse, ao longo do curso, catro probas parciais para avaliar o seguimento do traballo realizado durante o cuadrimestre (tres exercicios de tipo práctico e una proba teórica). Aqueles que superen todos os parciais cunha nota media igual ou superior a 5 non terán que presentarse ao exame final, a non ser que desexen subir a nota do curso. A nota mínima para poder compensar por media aritmética cada un dos parciais á hora de obter a nota do curso será dun 3,5. En caso de obter nalgún dos parciais unha nota inferior a un 3,5, a nota do curso será de suspenso (cunha nota máxima de 4). En caso de non presentarse a algún dos parciais, considerarase que o alumno non está a seguir o sistema de avaliación continua descrito e será cualificado por curso como non presentado.</p> <p>O alumnado que non siga o sistema de avaliación continua descrito ou suspenda a materia por curso, deberá presentarse ao exame final da convocatoria oficial, no cal entrará a totalidade da materia. As probas parciais superadas cunha nota maior ou igual a 5, librarán materia para o exame final da primeira oportunidade, pero non para o da segunda oportunidade (o alumnado que deba examinarse na segunda oportunidade deberá facelo da totalidade da materia).</p> <p>Con esta metodoloxía avaliaranse as competencias A1, A2, A3, A5, A6, A7, B9, B13, C6.</p> | 95 |
| Simulación               | A1 A2 A5 A6 A7 A19<br>B4 B9 B13 B14 B15<br>C2 C6 C10 C11 | <p>Os exercicios de simulación serán de obrigatoria asistencia para a superación da materia e serán avaliados sen cualificación numérica (apto ou non apto). Aqueles alumnos que non asistan ao 80% das clases de simulación serán avaliados como non aptos.</p> <p>Con esta metodoloxía avaliaranse as competencias A1, A2, A5, A6, A7, A19, B4, B9, B13, B14, B15, C6, C10, C11.</p>  | 0  |
| Prácticas de laboratorio | A1 A2 A3 B12 B13<br>B14 C10                              | <p>No caso de que un alumno suspendese a materia cunha nota igual ou maior de 4,5, poderá aprobar a materia a condición de que realizase ao longo do curso o 100% das prácticas propostas en clase.</p> <p>Con esta metodoloxía avaliaranse as competencias A1, A2, A3, B12, B13, B14, C10.</p>   | 5  |

## Observacións avaliación



O exame final (tanto o da primeira oportunidade coma o da segunda) constará de varias partes claramente diferenciadas en canto a contido e metodoloxía de resolución (por exemplo, diferentes partes de teoría ou diferentes tipos de exercicios), que se corruxarán por separado en base 10. Sempre e cando a nota de cada unha de ditas partes sexa igual ou superior a un 3,5, a nota do exame será a media aritmética das partes. En caso de obter en algunha das partes do exame unha nota inferior a 3,5, a nota do exame será de suspenso (máxima nota 4). En caso de non presentarse a algunha das partes, a nota do exame será de cero.

O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia non se lle exixirá unha asistencia mínima para poder presentarse os exames parciais, sempre e cando os profesores sexan debidamente informados ao principio do curso. Además, deberá acordarse co docente unha serie de titorías (presenciais ou non presenciais) o longo do curso para acreditar o seguimento da materia. Aqueles alumnos cualificados como non aptos na metodoloxía de simulación non poden superar a materia. Neste caso aínda superando a proba obxectiva e as prácticas de laboratorio o alumno será cualificado cunha nota máxima de 4.

Os criterios de avaliación contemplados no cadro A-II/2 do Código STCW na súa forma emendada, e recollidos no Sistema de Garantía de Calidade, teranse en conta á hora de deseñar e realizar a avaliación.

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

### Fontes de información

|                                    |  |
|------------------------------------|--|
| <b>Bibliografía básica</b>         | <p>INTEGRATED BRIDGE SYSTEMS VOL 1: RADAR AND AIS - The Nautical Institute<br/> INTEGRATED BRIDGE SYSTEMS VOL 2: ECDIS AND POSITIONING - The Nautical Institute<br/> NAVIGAZIONE VOL. I Y II. Ideale Capasso, Sergio Fede<br/> NAVEGACIÓN Nº 1, 2 Y 3. Moreu Curbera<br/> ELECTRONIC SURVEYING AND NAVIGATION ? Simo H. Laurila<br/> RADAR NAVIGATION AND MANEUVERING BOARD MANUAL ? National Imagery And Mapping Agency<br/> (<a href="http://msi.nga.mil/NGAPortal/MSI.portal?_nfpb=true&amp;_pageLabel=msi_portal_page_62&amp;pubCode=0008">http://msi.nga.mil/NGAPortal/MSI.portal?_nfpb=true&amp;_pageLabel=msi_portal_page_62&amp;pubCode=0008</a>)<br/> CI NEMATICA ANTICOLISIÓN ? Jesús Uribe-Echebarria<br/> PILOTING WITH ELECTRONICS ? Luke Melton<br/> RADAR AND ARPA MANUAL ? A. G. Bole &amp; W.O. Dineley<br/> DUTTONS NAVIGATION &amp; PILOTING ? Maloney<br/> AMERICAN PRACTICAL NAVIGATION ? Bowditch<br/> (<a href="http://msi.nga.mil/NGAPortal/MSI.portal?_nfpb=true&amp;_pageLabel=msi_portal_page_62&amp;pubCode=0002">http://msi.nga.mil/NGAPortal/MSI.portal?_nfpb=true&amp;_pageLabel=msi_portal_page_62&amp;pubCode=0002</a>)<br/> BRIDGE TEAM MANAGEMENT. A PRACTICAL GUIDE ? Capt. A.J. Swift ? The Nautical Institute<br/> THE ELECTRONIC CHART DISPLAY AND INFORMATION SYSTEM (ECDIS): AN OPERATIONAL HANDBOOK - Adam Weinrit<br/> CONVENIO INTERNACIONAL PARA LA SEGURIDAD DE LA VIDA HUMANA EN EL MAR (SOLAS)</p> |
| <b>Bibliografía complementaria</b> |  |

### Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**



|                                  |
|----------------------------------|
|                                  |
| Materias que continúan o temario |
|                                  |
| Observacións                     |
|                                  |

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías